



CAMPO DE VOLUNTARIADO "A TERRA QUE HABITA NO MAR"

O GROVE (PONTEVEDRA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
15-26/09/2025	18-30	Internacional	Medioambiental	15



LOCALIZACIÓN

Este campo está situado no Concello do Grove, a 34 km de Pontevedra. O Grove considérase a xoia do Salnés.

Este concello atópase na zona de influencia do Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e dentro do Complexo Intermareal Umia-O Grove, ademais de ter varios puntos recoñecidos como zonas ZEPA e RAMSAR de especial protección para aves, dado que é unha zona de parada nas migracións europeas e euroafricanas.

DESCRICIÓN DO CAMPO

O campo tratará de poñer en valor o concello do Grove a través dos seguintes centros de interese:

Limpeza a extracción de especies invasoras

- En grupos inicialmente non inferiores ao 40% das persoas participantes do campo para asegurarnos unha labor eficaz e efectiva sobre o terreo. Realizaranse saídas alá onde os técnicos do Concello do Grove indiquen (principalmente, continuando a intervención do ano anterior) para retirar especies invasoras da contorna.
- Recuperación de estruturas varias da Ruta dos Burros Fariñeiros, a Aldea Grovit e de observación ornitolóxica. Realizaranse labores de mantemento dos observatorios de aves do Concello do Grove e das infraestruturas dedicadas á posta en valor e protección patrimonial dos bens da Ruta dos Burros Fariñeiros e a Aldea Grovit. As tarefas consistiran na substitución dos madeiros deteriorados e mellora dun miradoiro na Illa da Toxa, así como o lixado e vernizado de superficies para a conservación dos recursos.

Microproxectos

- Faranse grupos rotatorios para o deseño de textos e contidos para a posta en valor dos espazos onde se realizaron as intervencións do campo de voluntariado a través da súa publicación vía web e RRSS.
- Tarefas de divulgación e sensibilización in situ dos usuarios dos areas do Concello do Grove sobre o traballo das persoas voluntarias

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Descuberta do Grove
- Construción de refuxos de supervivencia

Actividades deportivas:

- Bodyboard, mergullo, caiac, sendeirismo

Actividades na natureza:

- Rochódromo
- Circuito multiaventura
- Tirolesa de 60 m

Excursións:

- Saída á Portonovo, a Illa de Ons, torres do Este (Catoira) e Rianxo
- Veladas relacionadas coa temática do campo





COMO CHEGAR

A chegada ao Grove, por estrada, pódese facer vía Pontevedra ou vía Santiago de Compostela, como xeitos máis sinxelos de viaxar.

» Por autobús (ata o punto de encontro en Pontevedra):

◦ Empresa MONBUS (monbus.es): T. 902 292 900.

» Por tren (ata o punto de encontro en Pontevedra):

◦ RENFE: (renfe.es) Tel. 902 240 202

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

O aloxamento será no Cánting Os Fieitás: bit.ly/2TJlB0d / www.fieitas.com/

INCORPORACIÓN, PUNTO DE ENCONTRO

O primeiro día na estación de tren de Pontevedra. É necesario comunicar por correo electrónico a hora de chegada para coordinar o traslado ao cámping.

O campo remata o último día despois do almorzo.

COTA

CENTO DEZ (**110 €**) euros. As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa, familia acolledora ou familia monoparental: OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (**82,50 €**).

Que inclúe?: Inclúe os gastos de manutención, aloxamento e os derivados das actividades propias e de lecer ademais dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Non inclúe: Os gastos ocasionados polo traslado (ida e volta) ata o lugar da actividade que correrán a cargo da persoa voluntaria.

DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:

- a) Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.
- b) Ingreso hospitalario ou causa médica grave que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo. Deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada.
- c) Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.
- d) Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo.

QUE TRAER

- Artigos de limpeza e toalla de ducha
- Saco de durmir, esteira e mochila pequena
- Zapatos de montaña e calzado deportivo
- Lanterna
- Roupas: roupa deportiva (suadoiros) traxe de baño (traxe de baño, toalla, chancletas...) roupa de abrigo (adeuada para traballar baixo a choiva ou o frío), impermeable, roupa de traballo (luvas, gorro/sombreiro, calzado cómodo, botas de montaña...).

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.





SEGURO

Todas as persoas participantes disporán dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude: camposdevoluntariado.xuventude@xunta.gal

Servizo de Xuventude en Vigo: campospontevedra.xuventude@xunta.gal

xuventude.xunta.es Portal da Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

@xuventudegalicia Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude

